



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación

Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar

ANUNCIO

O pleno da corporación municipal da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2026, acordou o seguinte:

Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se anexa ao presente expediente con CSV 3Y12 0C3M 5SOA 4H64 0EEJ

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo de aprobación inicial estará exposto ao público durante un prazo de trinta días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas,.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no citado prazo, o acordo elevarase automaticamente a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro da ordenanza.

As persoas interesadas poderán examinar o expediente administrativo:

Lugar onde se pode examinar a documentación:

Oficina Municipal de Atención á dependencia, sita no Centro Cívico de Monelos (Avda. de Monelos, 2).

Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña, no seguinte enlace: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>.

Prazo de exposición pública para o exame e para a presentación de reclamacións: trinta días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 16 de xaneiro de 2026

A directora da Área de Benestar

Regla Dávila Caballero

2026/267